

**DECRETO DE RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS, ALCALDE**

**DECRETO:** Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para provisión en propiedade dunha praza de PROFESOR/A DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE GAITA en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, nomeamento do Tribunal Avaliador, lugar, día e hora do inicio do proceso selectivo. Expte. 2023 ESTB000023.

VISTO o expediente que se tramita para a provisión en propiedade dunha praza de PROFESOR/A DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE GAITA, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022 e publicada no DOG número 103 do 31/05/2022 e no BOP da Coruña número 90 do 12/05/2022, a través do sistema de selección de CONCURSO DE MÉRITOS, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22/12/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 244 do 27/12/2022, no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no Diario Oficial de Galicia número 52 do 15/03/2023, no Boletín Oficial do Estado número 114 do 13/05/2023 e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía na data 16/06/2023, ditou resolución aprobando a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, que se publicou no BOP da Coruña de data 21/06/2023 número 117, no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), así como na súa páxina web, concedéndose un prazo de 5 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da resolución no BOP, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Polo exposto, rematado o referido prazo, esta Alcaldía, de conformidade coa Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aproba-la lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Orde	Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I. cifrado	Admitido/a	Causa da exclusión	Exento/a Proba galego
1	Mouriño Freire Ricardo Manuel	***1687**	Si		Si
2	Riveira Campillo Jesús	***8017**	Si		Si
3	Vidal Trabada Ánxela	***6020**	Si		Si

CSV: 07E7001133D800C5V7C5C5K3N4



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001133D800C5V7C5C5K3N4 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 04/07/2023  
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/07/2023  
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/07/2023 12:39:21

EXPEDIENTE ::  
 2023ESTB000023  
 Fecha: 02/05/2023  
 Hora: 00:00  
 Und. reg: REGISTRO GENERAL



A inclusión dos/as aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

**Segundo.-** A lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, a título informativo e complementario, publicárase na páxina web do Concello de Ribeira ([www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)) no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

**Terceiro.-** Nomear o seguinte tribunal avaliador do proceso selectivo:

**Presidente:** Titular: María Paz Vidal. Suplente: Sandra M<sup>a</sup> Fernández Gómez.

**Vogais:** Primeiro/a Vogal: Titular: Álvaro López González. Suplente: José Antonio Otero Sobrido. Segundo/a Vogal: Titular: Natalia Rey Rey. Suplente: Unai González Suárez. Terceiro/a Vogal: Titular: José Martínez de Llano Orosa. Suplente: Pablo Bao Castro.

**Secretario/a:** Titular: María Sieira Ríos. Suplente: Juan Manuel Salguero del Valle.

Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Convocar ós membros do Tribunal Avaliador para que o día 12 de xullo de 2023 ás 12:00 horas, concorran á Casa Consistorial do Concello de Ribeira, co obxecto de proceder á súa constitución e ao inicio do proceso selectivo coa valoración dos méritos presentados e debidamente acreditados polos/as aspirantes.

A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á mencionada valoración dos méritos.

**Quinto.-** Publicar edicto co contido da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e na páxina web do Concello de Ribeira no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

**Sexto.-** Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

**En Ribeira, a 04 de xullo de 2023. O alcalde en funcións, Manuel Ruiz Rivas (Corporación en funcións – Eleccións Locais do 28/05/2023). Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001133D800C5V7C5C5K3N4 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 04/07/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/07/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/07/2023 12:39:21

EXPEDIENTE ::  
2023ESTB000023

Fecha: 02/05/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E7001133D800C5V7C5C5K3N4



En Ribeira, na data que consta na sinatura dixital



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001133D800C5V7C5C5K3N4 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 04/07/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/07/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/07/2023 12:39:21

EXPEDIENTE ::  
2023ESTB000023

Fecha: 02/05/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E7001133D800C5V7C5C5K3N4

